



PROTOCOLO DE OPERATIVIDADE DE BRIGADAS E MOTOBOMBAS:

Este protocolo, de carácter **obligatorio**, seguirase por **TODO** o persoal integrante de brigadas así como do persoal condutor de motobomba.

- O persoal incorporárase ao seu punto de encontro co EPI de extinción posto (botas e funda ou chaqueta-pantalón). Só en casos xustificados poderá presentarse sen o EPI posto, e para a súa colocación, deberá gardar unha distancia mínima de 2 m entre persoas, e de ser necesario, establecer quendas para cambiarse.
- Tanto ao comezo da quenda como á finalización do mesmo, procederán a aplicar o protocolo de hixienización de vehículos compartidos nos Distritos Forestais (Xefatura de Distrito, Técnicos/as, Brigadas e Motobombas) Servizos Provinciais de Prevención de Incendios Forestais e Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Ao entrar no vehículo (no caso de ser compartido) deberanse ter colocadas as lentes, as mascarillas e as luvas desbotables.
- Estando de retén, manterase unha separación mínima de 2 m entre bombeiros/as forestais, xa que non é precisa a colocación da máscara e as lentes, pero si obligatorio manter as luvas desbotables postos.
- Actuando nun incendio, manterase en todo momento a separación mínima de 2 m entre os/as bombeiros/as participantes na extinción.
- Non se debe compartir nin comida, nin bebida, nin os utensilios habituais para comer e beber.
- As brigadas terán unha limitación máxima de 4 compoñentes. De coincidir 5, un deles ou ben pasa a integrar outra brigada ou ben acompañará ao/a condutor/a de a motobomba.

OBSERVACIÓNS

- . O EPI do persoal do SPIF é de gran calidade, ten un grao de protección respiratoria de categoría III (superior ao recomendado).
- . As lentes son de dobre cristal EN166 3 (correspondente a un EPI de categoría II nivel 3), suficiente para protexer os ollos de calquera salpicadura.
- . As luvas do traballo corresponden a un EPI de categoría II pero non son impermeables, polo que se recomenda usar, fóra da extinción, luvas desbotables.

Este protocolo poderá ser obxecto de variación a medida que reciban novas instrucións.

